

Reflexións que nos gustaría compartir con vós sobre a lectura e a súa utilidade

En plena era da información e do coñecemento son detectadas moitas dificultades na comprensión desa información, o que restrinxe o contacto coa realidade. O mundo das novas tecnoloxías está fomentando o espellismo de pensar que estar conectado a grandes fontes de información resolve todos os nosos problemas. Pero non é verdade: todos eses bancos de datos, só son útiles para os que saben ler esa información. Un burro conectado a internet sigue sendo un burro e ademais é unha persoa moito máis vulnerable ós perigos da rede (que tamén existen e son grandes).

Segundo os expertos a TV fai que os nenos e xoves se convertan en aprendices pasivos, ver a tele é máis un espellismo de actividade que unha actividade en si mesma, e encima a programación non é a máis axeitada para unhas mentes en pleno proceso de formación.

É evidente que comprendemos a partir dunha memoria activa, que fai hipóteses e intenta comprobalas; así pois a pasividade e a ignorancia son grandes barreiras para a comprensión.

A lectura frecuente é o mellor método que temos para facernos donos da linguaxe e as súas creacións. Pero ¿por que e para que precisamos facernos donos da linguaxe?... Pois porque a nosa intelixencia é lingüística, non só porque pensamos mediante conceptos que están empalabrados, senón porque manexamos (mediante as palabras) os nosos mecanismos intelectuais: memoria, planificación, acción voluntaria.

Unha cidadanía incapaz de manexar información e comprender argumentos está a mercé de calquera slogan, axitador, gurú ou personaxe mediático.

A calidade dun réxime democrático depende da capacidade dos cidadáns para informarse, criticar as ideas, avaliar os argumentos, xustificar as propias opinións; si se carece desas facultades (proporcionadas fundamentalmente pola lectura) as sociedades son vulnerables a calquera ideoloxía fanática

Os hábitos son grandes ferramentas psicolóxicas, fundamentais en todo proceso educativo. Inclinan a realizar determinadas accións e facilitan a súa execución. Cambiar o sistema de crenzas sobre unha actividade (tamén a lectura) pode animar a realizala, ou polo menos eliminar prexuízos na súa contra.

Estas reflexións están baseadas no pensamento de José Antonio Marina filósofo, educador e pensador



*Nada do que merece a pena
se consegue sen esforzo*

Theodore Roosevelt



Un lugar de:

LECTURA

INFORMACIÓN

APRENDIZAXE

ENCONTRO

LECER



Guía de Lectura para as Familias

Estes documentos e outros
semellantes poden ser
solicitados en préstamo a través
dos vosos fillos/as ou ben
pasando pola biblio

Máis información en:

<http://biblioarzua.blogspot.com>

<http://biblioarzua.googlepages.com/anosaweb>

Para entendelos un pouco mellor




El pequeño dictador
Javier Urrea
ED.- La esfera de los libros

Este libro trata de reflexionar sobre o porque dos nenos e xoves que non teñen límites, que organizan a vida familiar, ridiculizan os maiores, son agresivos e desenrolan conductas violentas, pero coidado todo esto non está tan lonxe como cabería imaxinar




Cómo aprende el cerebro
Utha Frith/Sarah Blakemore
ED.- Ariel

Las claves para la educación



El viaje a la felicidad
Eduardo Punset
ED.-Destino

A felicidade e un estado emocional activado polo sistema límbico no que, ó contrario do que moita xente cre, o cerebro consciente ten moi pouco que dicir.



La magia de leer
José A. Marina
ED.-PLaza & Janes

Este libro é unha introdución poética, científica e práctica á lectura. Un manual para pais/nais, mestres, profesores e para lectores curiosos. Pero é ante todo un libro de maxia. Mestura receitas e consellos para lograr encantamentos prodixiosos.



El valor de educar
Fernando Savater
ED.- Ariel

¿Debe a educación preparar aptos competidores para o mercado laboral ou formar homes e mulleres completos? Ha de potenciar a autonomía de cada individuo ou a cohesión social? Debe desenrolar a orixinalidade ou manter a identidade tradicional do grupo?. Atender a eficacia práctica ou apostar polo risco creador?. Manter unha escrupulosa neutralidade ante a pluralidade de opcións ideolóxicas, relixiosas, sexuais e outras diferentes formas de vida (drogas, televisión, polimorfismo estético...) ou decantarse por razoar o preferible e propoñer modelos de excelencia?



Hablemos de la comida
Álvaro Luengo ED: Pearson

Coñecer os alimentos, os seus aportes nutritivos, como hai que combinalos e porque algunhas persoas presentan intolerancias a algúns deles son claves esenciais para o equilibrio nutricional

Para ler e comentar con eles ou para ler directamente con eles



Navegando por aguas turbulentas. Chats e Internet.
Carlos Puerto / Miguel A. Pérez Laguna
ED.- SM

Este libro aborda o fenómeno de Internet e a comunicación por Chat para que o lector saque as súas propias conclusións e poida decidir



El niño con el pijama de rayas
John Boyle
ED.- Salamandra

Dende a véntana do seu dormitorio, Bruno ve unha alta valla tras a que hai persoas vestidas con pixama de raías



Rosas blancas para Claudia. Anorexia y bulimia
Carlos Puerto y Elena Gismero.
ED.- SM

Este libro aborda o tema da anorexia e bulimia para que o lector poida sacar as súas conclusións e decida ...



Mi puzzle del mundo
Daniel Bautista
ED.-Algar

"Existen sucesos que fan que o noso mundo se tambalee, e se faga anacos como un puzzle de mil pezas. Esas circunstancias non son necesariamente tráxicas nin extraordinarias, pero resultan decisivas. As primeiras relacións amorosas, unha amizade frustrada, unha amiga en apuros ou o conflito con algúns compañeiros de clase resultan apaixonantes xa que o que nos xogamos nesas situacións e como ser nos mesmos. Esto é o que lles ocorre ós protagonistas deste libro: xoves na encrucillada de decidir que clase de persoa queren ser.



Carta a un adolescente
Vitorino Andreoli
ED.-RBA